

4. A historia do antigo Exipto

Exipto, un don do Nilo

A civilización exipcia naceu hai máis de 5.000 anos en África, xunto ao río Nilo. Este atravesaba o territorio de sur a norte formando unha longa e estreita franxa chea de vida no medio dun **deserto**. A súa auga abastecía a poboación e o gando, utilizábase para regar os cultivos e era a principal vía de comunicación. (15 e 16)

Cada ano, de xuño a setembro, as chuvias torrenciais no curso alto do Nilo provocaban o desbordamento do río. Cando se retiraban as augas, deixaban sobre as beiras un barro escuro que fertilizaba o terreo. O pobo exipcio chamáballo a esta franxa **terras negras**. Máis alá estendíanse as **terras vermellas**, é dicir, o deserto. Se un ano se atrasaba a enchente ou non se producía a inundación, a terra quedaba estéril e polo xeral desencadeábase unha época de gran fame.

Para aproveitar mellor a auga do Nilo, a poboación exipcia construíu **diques** para retela e **canles** para conducila a terras afastadas.



15. Tumba de Irynefer. O defunto bebe auga do Nilo, a principal fonte de vida para a poboación exipcia.

16. O ANTIGO EXIPTO



APRENDO A MIRAR

- Observa o mapa. En que zona se desenvolveu a civilización do antigo Exipto?
- Enumera os límites de Exipto na Antigüidade e localiza o Baixo e o Alto Exipto.
- Indica onde se situaban as principais localidades e construcións e explica por que.
- Nomea as cidades que foron capital de Exipto. Como se indican no mapa?
- Sinala en que etapa da historia alcanzou Exipto a súa maior expansión. Como se representa no mapa?
- Busca nun atlas un mapa político da zona representada neste mapa. Que países actuais ocupou o antigo Exipto no seu período de maior extensión?

As etapas na historia de Exipto

Durante a Idade dos Metais, formáronse dous grandes reinos arredor do Nilo, un no **Baixo Exipto**, na zona do delta, e outro no **Alto Exipto**, no sur. Segundo a lenda, cara ao ano 3100 a. C., o rei **Menes** unificounos e converteuse no **primeiro faraón** de Exipto.

A historia de Exipto atravesou tres etapas: o **Imperio Antigo**, o **Imperio Medio** e o **Imperio Novo**.

COMUNICACIÓN

- Busca información sobre un dos faraóns citados e elabora unha breve biografía.

Imperio Antigo 3100 a. C.-2050 a. C.

Establecéronse as bases do Estado e da sociedade exipcias.

O faraón, considerado un deus, controlaba o poder político e relixioso. Destacaron Keops, Kefrén (21) e Micerinos, (17) os faraóns que mandaron edificar as pirámides de Gizeh.

Cara ao ano 2200 a. C., comezou unha crise política e social que provocou o final desta etapa.

17. Micerinos.



Imperio Medio 2050 a. C.-1580 a. C.

Mentuhotep II (18) inaugurou esta etapa, en que o poder do faraón aumentou e houbo unha **grande expansión territorial**: conquistouse Nubia, no sur, e emprendéronse campañas en Libia, no oeste, e en Siria, no leste.

A partir do ano 1800 a. C., comezou a invasión de Exipto por pobos estranxeiros.

18. Mentuhotep II.



Imperio Novo 1580 a. C.-31 a. C.

Foi unha etapa de **esplendor**, en que reinaron faraóns como Hatshepsut, (24) Amenofis III, Akenatón, (19) Tutankamón (22) e Ramsés II. (41)

Exipto conquistou Libia e Siria. A partir do ano 100 a. C., diversos **pobos estranxeiros**, como os asirios, os persas, os gregos e os romanos, invadiron Exipto e comezou así a decaer.

19. Akenatón.



IMPERIO ANTIGO

CRISE

IMPERIO MEDIO

CRISE

IMPERIO NOVO

Dominación estranxeira

2200 a. C.

2050 a. C.

1800 a. C.

1580 a. C.

1100 a. C.

31 a. C.

APRENDO A MIRAR

- Analiza a liña do tempo e calcula cantos anos durou a civilización exipcia. Identifica cal foi a etapa máis extensa da súa historia.

A DEBATE

- Investigade e valorade. A poboación exipcia facía un uso sostible das augas do Nilo? Por que?

IDEAS CLAVE

- Describe o medio natural en que se desenvolveu a civilización exipcia. Sería posible sen a existencia do río Nilo? Argumenta a resposta.
- Enumera as etapas da historia de Exipto e indica cando comezou e cando rematou cada unha. Identifica unha característica de cada etapa.
- Explica cales foron as causas do final do antigo Exipto.

5. O goberno do faraón

O poder absoluto do faraón

O antigo Exipto estaba gobernado polo **faraón**, que **exercía todos os poderes**. Ditaba as leis, gobernaba o país, posuía gran parte das terras, controlaba o comercio e era o xefe supremo do exército.

Ademais, era **considerado un deus** e intercedía entre as persoas e as divinidades para manter a harmonía, a prosperidade e a xustiza. Para iso, construía inmensos templos e encargaba esculturas e pinturas para honrar os deuses e as deusas. (20) A poboación exipcia pensaba tamén que tiña poderes máxicos, como provocar a enchente do Nilo.

O faraón vivía en grandes **palacios**, rodeado de riquezas e con numerosos serventes, escravos e escravas e persoas da corte.

Cando un faraón morría sucedíao, habitualmente, un dos fillos. Así sucedéronse 31 **dinastías**. En xeral, as mulleres, salvo excepcións en que gobernaron con plenos poderes, non exerceron como faraón. (24) Non obstante, algunhas **raíñas** participaron de forma activa e destacada na política, como foi o caso de Ahhotep ou Nefertari.



20. O faraón Seti I (A) recibe un colar pectoral da deusa Hathor. (B)

KIT DE FERRAMENTAS

Interpretar os atributos de poder do faraón

Fíxate no significado dalgúns dos atributos que portaban os faraóns para mostraren o seu poder: (22)

- **Barba postiza:** divindade. (A)
- **Toucado de raías:** poder real outorgado pola divindade. (B)
- **Flaxelo:** poder para castigar os inimigos. (C)
- **Bastón de pastor:** autoridade e protección do pobo. (D)
- **Voitre:** representación da deusa Nejbet, protectora do Alto Exipto. (E)
- **Serpe:** representación da deusa Uadyet, protectora do Baixo Exipto. (F)

É a túa vez

- **Busca información** sobre outros atributos dos faraóns exipcios, como a dobre coroa ou o colar pectoral, e **explica** a súa simboloxía.
- **Investiga** por que os faraóns non adoitaban mostrar a cabeza descuberta.
- **Observa e interpreta.** Por que o faraón Kefrén se mostra nesta imaxe co símbolo dunha divindade?

21. O faraón Kefrén cun falcón, símbolo do deus Horus.



22. Tutankamón.

Como se administraba o imperio


O faraón contaba coa axuda de varios **grupos de funcionarios** para administrar un imperio tan grande coma o exipcio.

- Os **nobres** gobernaban as provincias de Exipto. Nelas recadaban os impostos e tamén se ocupaban de que se cumprisen as ordes do faraón. Eran membros da familia do faraón e doutras que formaban parte da súa corte. Posuían extensas terras e numerosas riquezas.
- Os **sacerdotes** interpretaban a vontade das divindades, dirixían os ritos relixiosos e administraban os templos. (25) Algunhas mulleres interviñan no culto de divindades femininas como Hathor. Miles de persoas traballaban para os templos ou entregábanlles parte das colleitas e gandos.
- Os **escribas** redactaban os documentos oficiais e controlaban os impostos e as **transaccións** que entraban e saían dos almacéns do palacio. Gozaban de gran prestixio social, pois unicamente eles, os sacerdotes e algúns nobres sabían ler e escribir. (23)

- O **exército** protexía as fronteiras de Exipto. A cambio, os soldados recibían un salario, terras, ouro e persoas escravas.

Os nobres, os sacerdotes, os escribas e mais os altos mandos do exército constituían, ademais, os **grupos privilexiados** de Exipto.

23. Escriba.



IDEAS CLAVE

- Describe os poderes que tiñan os faraóns exipcios. Exercían un poder absoluto? Argumenta a resposta.
- Enumera os grupos sociais que axudaban o faraón na administración do imperio. Describe as funcións de cada un.
- Compara. Pensas que nos nosos días existen gobernantes que exercen o poder de xeito similar aos faraóns? Explica por que o cres.

EXPLORA

Hatshepsut, a raíña faraón

Hatshepsut gobernou con plenos poderes no Imperio Novo. (24) Tras a morte do seu esposo, o faraón Tutmosis I, asumiu a rexencia de Tutmosis III e foi adquirindo poder ata transformarse en faraón.



24. Hatshepsut.

Organizou con éxito unha expedición comercial ao país de Punt, situado quizais na costa do actual Iemen. De alí trouxeron prezados produtos, como resinas aromáticas, usadas con fins relixiosos; árbores do incenso, ébano, marfil, madeiras de gran valía, ouro, plumas de aves...

Logo da súa morte, moitas das esculturas que a representaban foron destruídas e o seu nome non se escribiu na Lista dos Reis.

A túa investigación

- Observa a imaxe de Hatshepsut. Representase como unha muller ou como un home? Por que?
- Formula hipóteses. Por que pensas que a raíña caeu no esquecemento despois da morte? Cres que sucedería o mesmo se no canto dunha muller fose un home?
- Investiga sobre outras raíñas exipcias, como Tiy, Nefertari ou Nefertiti. Que destacarías delas?



25. Sacerdote exipcio.

6. O pobo exipcio e as formas de vida


Unha sociedade maioritariamente campesiña

A maior parte da sociedade exipcia dedicábase a cultivar as terras do faraón, dos nobres e dos templos. Quedaban con parte da colleita, pero pagaban impostos e apenas daban sobrevivido. Vivían en pequenas casas de adobe, en aldeas próximas ao río Nilo. (26) Cultivaban liño, trigo, cebada, froitas e hortalizas. Tamén criaban gando (vacas, asnos, gansos...).

Durante a enchente do Nilo, mentres os terreos permanecían inundados, o faraón recrutaba o campesiñado para participar na construción das pirámides, dos templos, dos palacios...

APRENDO A MIRAR

- Describe a indumentaria campesiña e relaciónaa coas características climáticas de Exipto.
- Describe a vivenda campesiña. Onde se situaba? Como era? Que actividades se realizaban en cada zona da casa?



26. VIVENDA CAMPESIÑA

A artesanía e o comercio

As persoas que se dedicaban á artesanía e ao comercio vivían nas cidades. Os artesáns e artesás (27) elaboraban cerámica, papiro, vidro, tecidos de liño, obxectos de metal... Algúns traballaban en obradoiros oficiais, próximos aos palacios e templos, e outros, en obradoiros privados.

Os comerciantes compraban madeira, perfumes, incenso ou metais que traían de terras afastadas e vendían en Exipto. Viaxaban en barcos ou en caravanas. Non utilizaban moeda, senón que practicaban o troco.

As persoas adiñeiradas dispoñían de serventes, que recibían un salario modesto a cambio do seu traballo.

A escravitude


Os prisioneiros de guerra adoitaban converterse en escravos e escravas. Traballaban no servizo doméstico, nas obras públicas, nas minas de ouro e cobre... A maioría das persoas escravas pertencían ao faraón. No antigo Exipto as persoas escravas non foron moi numerosas.



27. Artesáns representados nas pinturas da tumba de Nebamún.

Elaborar e comparar pirâmides sociais

Unha pirâmide social é un esquema con forma piramidal que representa de forma xerárquica os grupos que compoñen unha sociedade. Organízase en chanzos. Na base colócanse os grupos de menor importancia social e, conforme se ascende, os grupos dominantes.



Así se fai

Para elaborar unha pirâmide social, sigue estes pasos:

- **Enumera e clasifica os grupos.** Ten en conta:
 - Cantos grupos hai.
 - Que grupos sitúas na base e cales na cúspide.
 - Cales e cantos son os grupos intermedios.
- **Debuxa a pirâmide.** Pon en marcha a túa creatividade e representa os grupos con debuxos, textos, símbolos...

É a túa vez

- Repasa a sociedade mesopotámica e represéntaa nunha pirâmide social.
- Compara as pirâmides sociais de Mesopotamia e Exipto.
 - Que grupos identificas en cada caso?
 - Cales están na cúspide?
 - Que grupo é o máis numeroso? Está na base ou na cúspide da pirâmide?
 - Hai persoas escravas? En que chanzo están?

Obtén conclusións. Eran sociedades igualitarias ou xerarquizadas? Xustifica a resposta.



- 28. PIRÂMIDE SOCIAL EXIPCIA.** Faraón. (A) Nobres, sacerdotes, escribas e altos mandos do exército. (B) Artesáns, comerciantes, soldados, campesiños e serventes. (C) Escravos. (D)

As mulleres

As exipcias gozaban dalgúns **dereitos** que non tiñan outras mulleres do mundo antigo. Por exemplo, podían posuír, herdar e administrar propiedades, comprar e vender bens, emprender accións legais, elixir esposo, conservar os seus bens no caso de divorcio... (29)

A súa tarefa principal era **coidar da casa e da familia**, pero moitas realizaban tamén outros traballos: elaborar tecidos, cultivar a terra, exercer de madroas e amas de cría... Houbo algunhas mulleres que gobernaron Exipto, como a raíña Hatshepsut. (24) Outras foron sacerdotisas, principalmente de divindades femininas.

IDEAS CLAVE

- Define servente, escriba, troco, escravo.
- Explica o papel das mulleres na sociedade exipcia.



- 29. As mulleres exipcias privilexiadas acudían a banquetes.** Ían enxoiadas e colocaban na cabeza conos de graxa perfumada.

7. Divindades e templos exipcios


Unha multitude de deusas e deuses

A sociedade exipcia era **politeísta**. Adoraba multitude de deuses e deusas que habitaban nun mundo distinto do humano, pero que podían actuar sobre este a través dos seus poderes e da maxia. O deus principal era o Sol, chamado **Ra**, **Amón** ou **Atón**. Outras deidades importantes eran, por exemplo, Osiris, deus dos mortos e do alén; Isis, deusa protectora das mulleres e da infancia; e Horus, deus do ceo. (32)

Cada divindade tiña uns trazos físicos propios, polo xeral mestura de persoas e animais. Así, Ra tiña corpo humano e cabeza de falcón, sobre a que portaba o disco solar. (31)

No antigo Exipto tamén se rendía culto a algúns animais, como o crocodilo, o hipopótamo e a serpe, porque se consideraban manifestacións dalgunhas divindades.

O faraón era a única persoa que podía actuar como intermediario entre as persoas e os deuses e deusas. Como non podía estar presente á vez en todos os templos, delegaba o culto nos **sacerdotes**. (31) Os ritos eran necesarios para que se mantivese o equilibrio do universo. Críase, por exemplo, que a enchente do Nilo cada ano ou a sucesión das estacións dependían deses ritos.



31. Un sacerdote (A) toca a arpa ante o deus Ra. (B)

COMUNICACIÓN

- Le e interpreta o mito exipcio sobre a creación.
 - Enumera as divindades que se citan. Despois, representa este mito nun debuxo e coméntao.
- Investiga sobre outro mito exipcio e nárrao.

APRENDO A MIRAR

- Elixe un dos deuses e deusas que ves nesta páxina e describe os trazos que o identifican.

Ao principio só existían a auga e a escuridade. Un día sobre elas elevouse un outeiro e nel estaba Atón, o primeiro deus. Atón cuspiu a Shu, o deus do aire, e a Tefnut, a deusa da humidade. Tefnut e Shu tiveron dous fillos, Geb, o deus da terra, e Nut, a deusa do ceo. Os fillos destes foron Osiris, Isis, Seth e Neftis. Despois creáronse as persoas.

32. Osiris, (A) Isis, (B) Neftis (C) e Seth. (D)



3. Patio descuberto e rodeado de columnas. (E)

4. Sala cuberta sostida por columnas, (E) á que podían acceder os sacerdotes.

Muralla

1. Avenida. (A) As esfinges (B) protexían o templo. Tiñan corpo animal e cabeza humana.

2. Obeliscos. (D) Diante estaban os obeliscos, (D) que representaban o camiño que unía a terra co ceo.

5. Santuario, onde se encontraba a estatua da divindade. (F)

O templo, a morada da divindade


Os templos exipcios eran considerados a casa dos deuses e deusas. (33) Construíanse con pedra porque era un material duradeiro, e a maioría tiñan unhas **dimensións colosais**.

Accedíase ao templo a través dunha avenida flanqueada por **esfinges** que chegaba ata unha porta monumental. Ao traspasala, sucedíanse varias estancias. No **santuario**, onde se gardaba a estatua da divindade, unicamente podían entrar o faraón e os sacerdotes máis importantes. Alí realizábanse as ofrendas. No día da festa do deus ou da deusa, os sacerdotes sacaban a súa estatua en procesión.

Os templos eran edificios **alintelados**, é dicir, con teitos planos, e apoiábanse sobre **enormes columnas**. As paredes e os teitos cubríanse con **relevos e pinturas**, que constitúen na actualidade unha fonte de información histórica de gran valor.

APRENDO A MIRAR

- Observa e describe a estrutura dun templo exipcio.



IDEAS CLAVE


- **Explica e compara.** En que cría a sociedade exipcia? Estas crenzas eran semellantes ás da sociedade mesopotámica?
- **Destaca dúas características** do templo exipcio e xustifica a elección que fagas.
- **Pensa.** Que función tiñan os mitos en Exipto? Hai mitos nos nosos días? Teñen a mesma finalidade?

8. A vida despois da morte

A viaxe ao alén

A poboación exipcia cría na existencia dunha vida despois da morte e na necesidade de conservar os corpos para poder gozar desta segunda vida. Por iso, practicaban a **momificación**, un método para evitar que os cadáveres se descompuxesen e que estaba só ao alcance dos grupos privilexiados. (35) Anubis, representado con cabeza de chacal, era o deus relacionado coa momificación.

Para os exipcios, a vida que os esperaba despois da morte desenvolvíase coma a do mundo dos vivos e, polo tanto, tamén era necesario traballar. Por iso, na tumba pintábanse escenas e enterrábanse esculturas que representaban persoas traballando para o defunto (agricultores, carpinteiros...), actividades de lecer que o falecido realizaba en vida, etc.



- 34. Sarcófago e momia exipcios.** O exterior do sarcófago cubríase con pinturas alusivas a divindades e conxuros que protexerían a persoa falecida na viaxe ao alén.

PATRIMONIO


- Outros pobos do pasado tamén momificaron os defuntos. Investiga cales e por que o facían.
- Investiga sobre as pirámides de Gizeh. Que faraóns se enterraron nelas?




COMUNICACIÓN

- Pensade. Que información histórica podemos obter da análise dunha momia e dun sarcófago do antigo Exipto?

35. PROCESO DE MOMIFICACIÓN



1. Os embalsamadores extraían do corpo os órganos internos, excepto o corazón, e colocaban algúns nunhas vasillas chamadas cánonos. (A) Deixaban secar o corpo en natrón durante corenta días.



2. O corpo lavábase e poñíase un recheo. Envolvíase con vendas, (B) entre as que se colocaban substancias aromáticas e amuletos para protexer a persoa defunta na viaxe ao alén.




3. Depositábase o corpo nun sarcófago (34) e rodeábase dun enxoval con todo o que podería necesitar a persoa falecida na outra vida: alimentos, vestidos, xoias, figuriñas de serventes... (C)

As tumbas


Os sarcófagos enterrábanse nunha tumba. Houbo tres tipos de tumbas:

- As **mastabas** tiñan forma de prisma, coas paredes inclinadas. (37) Nelas enterraban os altos funcionarios. Constan dunha sala de ofrendas, (A) unha cámara coa estatua do defunto (B) e un pozo que levaba a unha cámara subterránea onde se depositaba o sarcófago. (C)
- As **pirámides** tiñan forma piramidal. (38) Eran as tumbas dos faraóns do Imperio Antigo. No interior había unha cámara funeraria (A) a que se accedía a través de pozos e pasadizos. (B) A súa construción, que se prolongaba durante décadas, esixía unha perfecta planificación e abundante man de obra. Destacan as **pirámides de Gizeh**.
- Os **hipoxeos** eran tumbas subterráneas feitas na rocha. O seu exterior quedaba sen decorar para evitar os saqueos. Contaban con corredores cubertos con pinturas de vida e de animais. (39) Os hipoxeos do Val dos Reis e do Val das Aíscas.


Entre os hipoxeos sobresaí a tumba do faraón **Tutankamón**. (39) Consta dun corredor, (A) unha antecámara con mobiliario, (B) un anexo con múltiples obxectos, (C) unha cámara do tesouro con obxectos do culto funerario (D) e unha cámara sepulcral cos sarcófagos e coa momia do faraón. (E)



37. MASTABA



38. PIRÁMIDE



39. HIPOXEO DE TUTANKAMÓN

IDEAS CLAVE

- Explica como se preparaban os exipcios e as exipcias para a vida tras a morte e por que o facían.
- Compara os diferentes tipos de tumbas do antigo Exipto e descríbeas. Cres que se podía enterrar calquera persoa nelas? Xustifica a resposta con datos concretos.



36. Ushebti ou estatuíña que se cría que cobraba vida para traballar no nome do defunto no alén.

9. Unha arte vinculada á relixión. Escultura e pintura exipcias

A arte exipcia estaba moi vinculada coa **relixión**. Así, edificáronse templos para as divindades e tumbas para as persoas defuntas. Ambas as construcións contiñan esculturas e pinturas.

A arte tiña tamén un **fin político**: enxalzar o poder do faraón mediante esculturas colosais (41) ou relevos coas súas vitorias militares.

A escultura

A maior parte das esculturas atopáronse en tumbas e teñen un significado relixioso. Cando morría un personaxe poderoso, necesitaba unha estatua para que a súa alma continuase viva. (40) Por esta razón, moitas esculturas realizábanse con **pedra**, para que fosen eternas, coma as almas.

As esculturas estaban pensadas para seren vistas de fronte. Eran **ríxidas e idealizadas** e ás veces tiñan dimensións colosais. Hábía tamén pequenas estatuíñas que mostraban escenas cotiás. Estas formaban parte do enxoval da persoa defunta e a súa función era servirle na outra vida.

As paredes das tumbas e dos templos cubríanse con relevos que mostraban escenas cotiás, cerimonias relixiosas, batallas... Moitos deles pintábanse de **vivas cores**.

40. Busto da raíña Nefertiti. A pesar de que ten case 3.000 anos, as cores da escultura son orixinais.



41. Ramsés II.

KIT DE FERRAMENTAS

Analizar e interpretar pinturas exipcias

As pinturas exipcias son un documento histórico que proporciona unha valiosa información acerca das formas de vida no antigo Exipto.

Así se fai

Para analizar unha pintura exipcia, sigue estes pasos:

- **Describe as características:** o material, o lugar en que se encontra e outros aspectos (cores, expresividade, simbolismo...).
- **Explica o tema:** se é un motivo relixioso, cotián... Podes describir a escena.
- **Obtén información histórica:** que personaxes destacan e por que, como visten, que obxectos cotiáns se representan...

É a túa vez

- **Analiza** a pintura da tumba de Menna:
 - Onde se encontra? Sobre que material se realizou?
 - Como se distribúen as escenas? E os personaxes? Todos teñen o mesmo tamaño? Por que?
 - Que trazos da pintura exipcia identificas?
- **Describe** o tema. Que representa?
- **Imaxina** que es un historiador ou unha historiadora que descubriu esta pintura. **Explica** o que poderías saber sobre a vida no antigo Exipto a partir dela.

A pintura

Consérvanse numerosas pinturas que cubrían as paredes das tumbas e dos templos. A súa **finalidade** era **relixiosa**; por exemplo, nas tumbas, algunhas pinturas explicábanlle á persoa defunta as probas que debía superar para lograr a inmortalidade.

Os artistas debuxaban cada parte do corpo na súa forma máis recoñecible, é dicir, as pernas e os pés de perfil, o torso de fronte, o rostro de perfil e o ollo de fronte. Utilizaban **cores vivas** e, igual ca na escultura, as figuras resultan hieráticas, é dicir, ríxidas e **sen movemento**. (42)

Nas escenas **non hai profundidade** e os personaxes seguen o **principio xerárquico**, é dicir, os máis importantes son de maior tamaño e sitúanse diante do resto. (43)



42. Pinturas nunha tumba de Luxor.


IDEAS CLAVE

- **Pensa e argumenta** con exemplos. Estás de acordo con esta afirmación: no antigo Exipto a arte era eminentemente relixiosa e simbólica?
- **Formula hipóteses**. Por que cres que chegaron deica os nosos días tantas pinturas exipcias en perfecto estado, a pesar de que teñen miles de anos de antigüidade?



PATRIMONIO

- Busca imaxes de esculturas e pinturas exipcias e infórmasas a outras.
- Móstralas ás outras alumnas e compañeiros de clase que che fagan preguntas sobre estas obras e responde as súas cuestións.



43. Pintura da tumba de Menna, na necrópole de Tebas. Os agricultores segan o cereal con fouciños (A) e transportano en cestos. (B) Lanza ao aire as espigas para que o vento leve a palla e caia ao chan o gran, que pesa máis. (C) Menna supervisa as tarefas, mentres un servente lle ofrece bebida. (D) Os escribas rexistran a cantidade de gran obtido. (E)

ORGANIZO AS MIÑAS IDEAS

1 Compara e resume as ideas. Copia e completa esta táboa no caderno.


Aspectos	Mesopotamia	Antigo Exipto
Localización	...	...
Medio natural	...	...
Cronoloxía	...	...
Goberno	...	...
Grupos sociais	...	...
Crenzas	...	...
Construcións principais	...	...

APLICO OS MEUS COÑECEMENTOS


2 Explica o que é unha civilización. Sinala cando xurdiron as primeiras da historia e debuxa o seu territorio nun mapa.

3 Elabora no caderno un eixe cronolóxico de Mesopotamia e outro de Exipto. Sinala en cada caso as etapas da súa historia.

Mesopotamia



Exipto



4 Sitúa estes nomes nas liñas do tempo da actividade anterior na civilización e período que corresponda.

Ramsés II - Keops - Asurnasirpal II - Hatshepsut
- Mentuhotep II - Nabucodonosor II - Akenatón

5 Relaciona e explica.

- Que importancia tivo a existencia de grandes ríos no nacemento de Mesopotamia e Exipto?
- Estas dúas civilizacións poderían desenvolverse sen eles? Por que?
- Que relación hai entre a invención da escritura e o nacemento das civilizacións fluviais?

6 Define estes termos.

- Hipoxeo
- Cigurat
- Faraón
- Terras negras
- Sacerdote
- Caldea

7 Compara as sociedades mesopotámica e exipcia en relación con estes aspectos.




- Que grupos detiñan o poder?
- Que grupo era o maioritario?
- Cal era a situación das mulleres?
- E a das persoas escravas?
- Parecíanse ambas as sociedades? Argumenta a resposta.

49. O rei Sargón de Acad.

- 8 **Explica** o que significa que as relixións mesopotámica e exipcia eran politeístas. Pon exemplos en cada caso.

- 9 **Observa e interpreta** a fotografía.



50. Templo de Isis, en Filé (Exipto)

- Identifica a que parte do templo corresponde cada letra.
- Que función cumpría esta construción en Exipto? Era a mesma ca en Mesopotamia?
- Compara as túas respostas coas da túa parella. Coincidistes?

- 10 **Reflexionade** sobre o legado que recibimos das civilizacións fluviais. **Elaborade** unha listaxe conxunta e **valorade** a súa relevancia.

11 PREGUNTAS PROVOCADORAS

- **Selecciona** os aspectos das civilizacións mesopotámica e exipcia que máis che interesen.
- **Escrebe** preguntas sobre eles que comecen do seguinte xeito:
 - Por que...?
 - Que pasaría se...?
 - Como era...?
 - Para que...?

- 12 **Faillade** á túa parella as preguntas que elaboraches e **comproba** que as respostas son correctas. Cal te sorprende máis? Por que?



- 13 **Compara** estes relevos. Cal dirías que se realizou en Mesopotamia e cal en Exipto? **Argumenta** a resposta.

- 14 **Observa, analiza e formula hipóteses.** Estas pequenas esculturas de madeira atopáronse, entre outras semellantes, nunha tumba do antigo Exipto.

- Que pensas que representan? Por que a persoa defunta foi enterrada con elas?
- Que relación teñen coa forma de entender a realidade exipcia?



✓ VALORO A APRENDIZAXE

- ◆ **Lembra e compara.** Que sabías antes de comezares esta unidade sobre Mesopotamia? E sobre o antigo Exipto? Que aprendiches?
- ◆ **Reflexiona.** En que aspectos das civilizacións fluviais che gustaría afondar? Por que?
- ◆ **Le de novo** os conceptos clave indicados ao comezo da unidade. Estás de acordo con eles? **Explica** por que.
- ◆ **Pensa.** Que consellos lle darías a un compañeiro ou a unha compañeira que vai estudar esta unidade sobre as primeiras civilizacións?

Como cambiaron as leis!

Cara ao ano 1800 a. C., Hammurabi, rei de Babilonia, decidiu gravar nunha estela de basalto 282 normas ou leis. (51) Este texto, en escritura cuneiforme, constitúe un dos códigos legais máis antigos da historia. Nestas leis establécense castigos iguais ao delito cometido e impoñense penas de gran dureza.

Lei 1. Se un home acusa a outro home e lle imputa un asasinato, pero non pode probalo, o acusador será executado.

Lei 6. Se un home rouba algo propiedade do deus ou do palacio, será executado, e o que aceptase das súas mans o roubado será executado tamén.

Lei 16. Se un home oculta na súa casa un escravo ou escrava escapados do palacio ou dun individuo común e non o entregou á chamada do pregoeiro, o dono da casa será executado.

Lei 53. Se un home foi negligente ao reforzar o dique do seu campo e non reforzou o seu dique e se produce unha fenda nel, e a zona se inunda de auga, ese home restituirá o trigo que destruíu.

Lei 54. Se non pode restituír o trigo, venderanse a súa persoa e o seu patrimonio por diñeiro, e os ocupantes da terra da que o gran estragou a auga repartirán o froito da venda.

Lei 55. Se un abriu unha gabia para regar e despois foi negligente, se o campo lindeiro se inundou de auga e levou o trigo do veciño, restituiralle tanto trigo como perdeu o veciño.



Lei 195. Se un fillo golpeou o pai, amputaráselle a man.

Lei 218. Se un médico fixo unha operación grave a un home co bisturí de bronce e o fixo morrer, ou ben se o operou dunha catarata no ollo e destruíu o ollo deste home, amputaráselle a man.

51. Shamash, deus da xustiza, (A) entrega as leis a Hammurabi. (B)

Lei 229. Se un construtor fixo unha casa para outro e non a fixo sólida, e se a casa que fixo se derrubou e produciu a morte do propietario da casa, o construtor será executado.

Lei 230. Se ocasionou a morte do fillo do propietario da casa, matarase o fillo do construtor.

15 Le e interpreta.

- Que delitos se castigan nas leis seleccionadas? Podes establecer unha clasificación ou unha tipoloxía deles?
- Que penas se impoñen? Parécenche axeitadas? Por que?

16 Investiga en que consiste a lei do talión.

- En que principio xurídico se fundamenta?
- Coñeces algunha expresión popular que resuma este principio?
- Ves relación entre a lei do talión e o código de Hammurabi? Argumenta a resposta.



17 FAGO CONEXIÓNS

- Que diferenzas encontras entre as leis do código de Hammurabi e as actuais?
- Que valores sustentan as leis actuais no noso país? E as da época de Hammurabi?



18 A DEBATE. Comentade e argumentade a vosa opinión.

- Son necesarias as leis? É posible vivir en sociedade sen elas?
- Pensades que as leis deben modificarse co paso do tempo? Poñede exemplos para apoiar as vosas respostas.